

A colección de arte italiana dos VII Condes de Lemos

Nos séculos XVI e XVII, posuír unha reliquia significaba ter unha forza especial fronte ao adverso. Despois do Concilio de Trento, as reliquias e o que representaban tomaron máis importancia aínda, e a súa posesión chegou a ser unha especie de obsesión. Nobles, relixiosos e reis desvivíanse por acadar e acumular reliquias que, nalgún dos casos, chegaron a constituír coleccións de arte maravillosas, xa que normalmente son preservadas en valiosos obxectos fabricados para tal fin, como a que os condes depositaron no convento das Madres Clarisas de Monforte.

Moi ao gusto da época son os retablos-relicario que multiplicaban nichos e ocós para poder colocar neles o meirande número de reliquias. Tamén proliferan neste século os denominados *bustos parlantes*, chamados así porque amosan ao espectador o tipo de reliquia que aloxan.



Desde 1610 a 1616 Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos ostentou o cargo de Vicerrei de Nápoles. Tanto a cidade como o reino de Nápoles, eran nesta época un activo foco cultural, con fermosos xardíns, palacios e coleccións de arte, no que se cultivaban a música, o teatro e a poesía.

Boa proba da importancia deste reino para a Coroa española é que, segundo documentos da época, podían calcularse nuns 3.000.000 de ducados, os ingresos procedentes das Indias, e de 3.150.000 o que producía Nápoles.

Durante a súa estancia en Nápoles, os condes e, en especial a condessa, realizarán xestións perante a Santa Sede para que lles autorice a trasladar un número importante de reliquias a España, ordenando realizar inventario de todas as que puidesen ser susceptibles de traslado.

Carta da Condessa de Lemos a Don Fernando Andrade, axente do reino de Nápoles en Roma .
(Archivo Histórico Nacional. Leg. 3.344.)

***“Quedo muy contenta con el breve que Su Santidad me ha concedido para sacar Reliquias de Roma y desta Ciudad, pero no quiero dar gracias a V. m. del trabajo que le ha costado hasta que ponga esta gracia en perfeccion, yo deseo que la licencia de Su Santidad se estienda por todo este Rey no para que no nos falten en todas partes Reliquias; si esta segunda petición no tuviere inconvenientes de consideración estimare en mucho que V. m. haga officios de mi parte con Su Santidad y Nepote de manera que nos la concedan.*”**

Acá no tenemos noticia de los Cardenales y personas que tienen en essa Corte Reliquias y assi sera acertado que V. m. me embie memoria de los que son, para que yo vea a quienes se les puede pedir.

No escrivo esta noche al Sr. Cardenal Burghesio en agradecimiento de las Reliquias que me embio porque me hallo muy cansada, harelo con la primera estafeta y entretanto sírvase V. m. de darle las gracias de mi parte. Dios guarde á V. m, como puede”

***En Napóles a 5 de Junio 1.613.
P. La Condesa de Lemos y de Andrade.***

Na biografía escrita por sor María da Concepción de San Francisco, monxa do convento monfortino de Santa Clara titulada Memoria sobre la vida de doña Catalina de la Cerda y Sandoval, podemos ler:

...estaban en aquel tiempo poseídos de una santa avaricia por esa inapreciable riqueza, hasta tal extremo que un Sumo Pontífice llegó a llamar festivamente a Sor Catalina (la séptima condesa) ladrona de relicarios...



Á morte de Don Pedro, herdou os seus títulos e fortuna o seu irmán e sucesor , e deixou os seus bens libres, en usufructo, á súa muller Dona Catalina quen, un ano despois, ingresaría no convento das Madres Clarisas de Monforte, como Sor Catalina da Concepción, falecendo no 1642.

Monforte de Lemos conta, na actualidade, cun dos Museos máis importantes de Arte Sacra de España, o máis completo e valioso museo de arte italiano dos séculos XVI e XVII de Galicia.

A fundación do convento das Madres Clarisas, financiada polos Condes, traerá engadida a doazón desta colección privada que, non só está composta por pezas de orixe italiana, se non tamén por obras de incalculable valor de artistas españois, como o famoso Cristo Xacente ou a Inmaculada do escultor Gregorio Fernández.